

Convenio de colaboración educativa entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o complexo industrial ALCOA San Ciprián sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

INFORMA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades ten previsto formalizar co complexo industrial ALCOA San Ciprián o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración no campo da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e complexo industrial ALCOA San Ciprián. Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:

- Realización do período de prácticas na empresa nas instalacións de ALCOA por parte do alumnado que curse o ciclo formativo de grao superior Química Industrial, e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións do complexo industrial ALCOA en San Ciprián.
- Promoción de ensinanzas de formación profesional da familia química: ciclo formativo de grao superior Química Industrial.
- Promoción e difusión destas ensinanzas, así como das súas saídas profesionais entre o alumnado de formación profesional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Na Que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado



para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

2. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas nos seguintes aspectos:
 - a. A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.
 - b. Esta colaboración ten a seguinte finalidade:
 - Impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.
 - Actualización profesional dos traballadores e as traballadoras, así como do profesorado. Esta formación poderá incluír estadías temporais do profesorado nas empresas, tanto para a formación dos seus traballadores e das súas traballadoras como para a actualización do profesorado.
 - Desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación
 - c. A colaboración formalizarase mediante convenio.
3. Que en setembro de 2010 asinouse un Convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Aluminio Español S.A./Alúmina Española S.A. sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e con este novo convenio quérese continuar con dita colaboración.
4. Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o complexo industrial ALCOA están dispostas a colaborar en todos aqueles aspectos que melloren as competencias do alumnado de formación profesional e se adapten ás actuais necesidades formativas do mercado laboral e así conduzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

María Eugenia Pérez Fernández

Directora Xeral de Formación Profesional

